


## ANEXO INFORMACIÓN TÉCNICA FINAL

### Cruce estrada en competición:


Os percorridos verde longo, e vermello medio e longo cruzarán unha estrada con pouco tráfico durante a competición. Aínda así haberá persoal da organización na zona debendo cumprir as indicacións destes. Para cruzala os deportistas circularán paralelo á estrada unhas decenas de metros, non tendo que cruzala inmediatamente á súa chegada podendo polo tanto cruzala no momento que consideren preciso no tramo permitido.



Marcado en laranxa o traxecto que farán os deportistas á ida e volta

## CARTOGRAFÍA

As plantacións de eucaliptos xóvenes pintáronse con 2 símbolos:



**404.1 Terreo semiaberto con matorrais:** cando o terreo non está moi limpo e pode dificultar o tránsito. Normalmente distinta variabilidade de feitos.



**402.1 Terreo aberto con matorrais:** cando o terreo está limpo e pode transitarse sen dificultade.



Creouse unha variante do símbolo 507.0 camiño indistinto para **sendeiros de fauna salvaxe**, cunha trama máis curta para que queden ben definidos no mapa.



En xeral son boas opcións de atallar ou avanzar máis rápido, estando moitas veces moi marcados, por exemplo na imaxe entre feitos (helechos) e poden ser moi rápidos. Pero ollo que nalgún punto poden ser máis dispersos ou ter algo de maleza, ou incluso ter ramais secundarios non marcados.



Existen na zona pequenas depresións formadas polos baños de xabaráis no barro. Moitas delas pola imposibilidade de representalas non aparecen no mapa, pero si representouse algunha co símbolo 115 (elemento especial do relevo) pola proximidade a depresións para evitar confusións



Polo demáis o inverno e as choivas recentes fixo que teñamos o terreo en inmejorables condicións para penetrar no bosque, pero para ter unha experiencia moi satisfactoria:

- **Calzado con bo agarre**, xa que a proba discorre, salvo os poucos metros do cruce da estrada, por bosques, camiños, moitas veces preto (cerca) de cursos de auga que pode ser necesario cruzar...con barro....

- **Roupa**: a pesar de estar o bosque óptimo, segue sendo Galicia, con sillvas (zarzas) dispersas que poden producir rabuñazos (arañazos), paus en zonas....moi recomendable polo tanto polainas ou similar e mangas longas



*Por último nesta semana se están realizando tarefas de tala cerca da zona da saída- meta que aparecen marcadas no mapa. Foron cambiados controis afectados. Algúns percorridos pasarán por un sendeiro limítrofe pero que non debería afectar. Aínda así de haber algunha nova incidencia se avisaría o día da proba.*



## PERCORRIDOS POR CATEGORÍAS

(ollo cambio nas escalas nas categorías máis curtas para facilitar a lectura)

PERCORRIDO	BALIZAS	DISTANCIA lineal (mts)	DESNIVEL (mts)	ESCALA
Verde curto	9	1800	60	<b>1:5000</b>
Verde medio	11	2800	115	<b>1:5000</b>
Verde longo	21	5700	175	1:7500
Vermello (rojo) curto	11	2500	75	<b>1:5000</b>
Vermello (rojo) medio	20	4400	140	1:7500
Vermello (rojo) longo	25	6100	185	1:7500

Existirán **descricións de control** en papel para os percorridos Vermellos (rojo).

Estamos valorando a posibilidade de colgar o evento nunha páxina para poder facer o **seguimento dos percorridos con gps**, polo que animamos a todos os deportistas a levar os vosos gps para poder analizar e comparar os vosos percorridos posteriormente.

Saúdos esperando que desfrutedes da proba o Equipo do Club O Pasatempo de Betanzos